



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas clínicas III

Materia	Prácticas clínicas III			
Código	P51G140V01306			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	18	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Pontevedra)			
Coordinador/a	Buceta Hazas, José Luís			
Profesorado	Buceta Hazas, José Luís Diéguez Montes, María Paz Fernández Méndez, Felipe Fernández Méndez, María José Garay Martínez, Irene González López, Claudia Otero Agra, Martín Rodríguez García, María Dolores Santos Folgar, Myriam			
Correo-e	josebucetahazas@gmail.com			
Web	http://www.enfermeria.depo.es			
Descrición xeral	Esta materia facilita a integración da metodoloxía enfermera na práctica preprofesional, como método que permita identificar os fenómenos enfermeros, establecer xuícos clínicos, planificar, aplicar e avaliar coidados. A planificación de ditos coidados teñen como base a valoración integral da persoa, os diagnósticos de enfermaría e as intervencións necesarias para tratar ditos diagnósticos ou para abordar procedementos, tratamentos ou técnicas básicas de coidados.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Ser capaz, no ámbito da enfermaría, de prestar unha atención sanitaria técnica e profesional axeitada ás necesidades de saúde das persoas que atenden, de acordo co estado de desenvolvemento dos coñecementos científicos de cada momento e cos niveis de calidade e seguridade que se establecen nas normas legais e deontolóxicas aplicables.
B2	Saber planificar e prestar coidados de enfermaría dirixidos ás persoas, familias ou grupos, orientados, aos resultados en saúde, avaliando o seu impacto, a través de guías de práctica clínica e asistencial, que describen os procesos polos cales se diagnostica, trata ou cuida un problema de saúde.
B3	Saber aplicar os fundamentos e principios técnicos e metodolóxicos da enfermaría
B4	Ser capaz de comprender o comportamento interactivo da persoa en función do xénero, grupo ou comunidade, dentro do seu contexto social e multicultural
B5	Deseñar sistemas de coidados dirixidos ás persoas, familia ou grupos, avaliando o seu impacto e establecendo as modificacións oportunas
B6	Aplicar as intervencións da enfermaría na evidencia científica e nos medios dispoñibles

B7	Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, como individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto ás súas opinións, crenzas e valores, ademais de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional
B8	Promover e respectar o dereito de participación, información, autonomía e consentimento informado na toma de decisións das persoas atendidas, acorde coa forma en que viven o seu proceso de saúde-enfermidade
B9	Fomentar estilos de vida saudables e o autocoidado, apoiando o mantemento de condutas preventivas e terapéuticas
B10	Protexer a saúde e o benestar das persoas, familias ou grupos atendidos, garantindo a súa seguridade
B11	Saber establecer unha comunicación eficaz con pacientes, familias, grupos sociais e compañeiros. Fomentar a formación e información para a saúde
B12	Aplicar o código ético e deontolóxico da enfermaría española, comprendendo as implicacións éticas da saúde nun contexto mundial en transformación
B13	Aplicar os principios de financiamento sanitario e sociosanitario e utilizar axeitadamente os recursos dispoñibles
B14	Establecer mecanismos de avaliación, considerando os aspectos científico-técnicos e de calidade
B15	Ser capaz de traballar co equipo de profesionais como unidade básica na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal das organizacións asistenciais
B16	Ser capaz de utilizar os sistemas de información sanitaria
B17	Realizar coidados de enfermaría baseándose na atención integral de saúde, que supón a cooperación multiprofesional, a integración dos procesos e a continuidade asistencial
B18	Aplicar estratexias para adoptar medidas de confortabilidade e atención de síntomas, dirixidas ao paciente e familia, na aplicación de coidados paliativos que contribúan a aliviar a situación de pacientes en situacións de enfermidade avanzada e/ou rematal
C4	Utilización dos medicamentos, avaliando os beneficios esperados e os riscos asociados e/ou efectos derivados da súa administración e consumo.
C8	Aplicar as tecnoloxías e sistemas de información e comunicación dos coidados de saúde.
C10	Identificar as respostas psicosociais das persoas ante as diferentes situacións de saúde (en particular, a enfermidade e o sufrimento), seleccionando as accións adecuadas para proporcionar axuda nas mesmas.
C11	Establecer unha relación empática e respectuosa co paciente e familia, acorde coa situación da persoa, problema de saúde e etapa de desenvolvemento.
C12	Utilizar estratexias e habilidades que permitan unha comunicación efectiva con pacientes, familias e grupos sociais, así como a expresión das súas preocupacións e intereses.
C13	Recoñecer as situacións de risco vital e saber executar manobras de soporte vital básico e avanzado.
C15	Identificar, integrar e relacionar o concepto de saúde e os coidados, desde unha perspectiva histórica, para comprender a evolución do coidado de enfermaría.
C17	Aplicar o proceso de enfermaría para proporcionar e garantir o benestar a calidade e seguridade das persoas atendidas.
C18	Coñecer e aplicar os principios que sustentan os coidados integrais de enfermaría.
C19	Dirixir, avaliar e prestar os coidados integrais de enfermaría, ao individuo, a familia e a comunidade.
C22	Promover a participación das persoas, familia e grupos no seu proceso de saúde-enfermidade.
C23	Identificar os factores relacionados coa saúde e os problemas do entorno, para atender as persoas en situacións de saúde e enfermidade como integrantes dunha comunidade.
C24	Identificar e analizar a influencia de factores internos e externos no nivel de saúde de individuos e grupos.
C25	Aplicar os métodos e procedementos necesarios no seu ámbito para identificar os problemas de saúde máis relevantes nunha comunidade.
C26	Analizar os datos estatísticos referidos a estudos da poboación, identificando as posibles causas de problemas de saúde.
C29	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
C31	Realizar as técnicas e procedementos de coidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.
C33	Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo.
C35	Aplicar coidados xerais durante o proceso de maternidade para facilitar a adaptación das mulleres e os neonatos ás novas demandas e previr complicacións.
C36	Coñecer os aspectos específicos dos coidados do neonato. Identificar as características das diferentes etapas da infancia e adolescencia e os factores que condicionan o patrón normal de crecemento e desenvolvemento.
C37	Coñecer os problemas de saúde máis frecuentes na infancia e identificar as súas manifestacións. Analizar os datos de valoración do neno, identificando os problemas de enfermaría e as complicacións que poden presentarse.
C49	Prestar coidados, garantindo o dereito á dignidade, privacidade, intimidade, confidencialidade e capacidade de decisión do paciente e familia.
C50	Individualizar o coidado considerando a idade, o xénero, as diferenzas culturais, o grupo étnico, as crenzas e valores.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización y planificación
D3	Capacidade de xestión da información
D4	Resolución de problemas e toma de decisións
D5	Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe
D6	Habilidades nas relacións interpersoais
D7	Razoamento crítico
D8	Aprendizaxe autónomo

D9 Adaptación a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor. Creatividade.

D10 Motivación pola calidade

D11 Sensibilidade cara a temas ambientais

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Ser capaz de participar nos cuidados que teñan como finalidade garantir o maior grao de independencia das persoas nas súas necesidades máis básicas, fomentando unha óptima relación interpersonal que garanta a dignidade e confidencialidade. Ser capaz de proporcionar cuidados ao paciente aplicando o Proceso de Enfermaría, establecendo unha actitude empática co paciente e familia aos que garantizará o dereito á confidencialidade, dignidade e privacidade.	A1	B1	C4	D1
	A2	B2	C8	D2
	A3	B3	C10	D3
	A4	B4	C11	D4
	A5	B5	C12	D5
		B6	C13	D6
		B7	C15	D7
		B8	C17	D8
		B9	C18	D9
		B10	C19	D10
		B11	C22	D11
		B12	C23	
		B13	C24	
		B14	C25	
		B15	C26	
		B16	C29	
		B17	C31	
		B18	C33	
		C35		
		C36		
		C37		
		C49		
		C50		

Contidos

Tema

Rotatorio de prácticas preprofesionais que permitan a aplicación dos coñecementos teóricos e metodolóxicos da Enfermaría á práctica clínica, nos centros de atención primaria, centros asistenciais, sociosanitarios e hospitais. Prácticas clínicas a realizar en servizos especiais, atención especializada e atención primaria de saúde.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticum, Practicas externas e clínicas	0	425	425
Seminario	12	0	12
Observación sistemática	0	3	3
Simulación ou Role Playing	2	2	4
Cartafol/dossier	0	2	2
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Formación en centros sanitarios, e nas unidades asistenciais médico-cirúrxicas, en forma de rotatorio clínico independente, baixo a tutela do persoal de enfermería da unidade onde o alumnado realice as prácticas clínicas, que permiten a o/a alumno/a incorporar os valores profesionais, competencias de comunicación, razoamento crítico, xestión clínica e xuízo clínico, integrando na práctica profesional os coñecementos, habilidades e actitudes, baseados en principios e valores, asociados as competencias descritas que conforman o título. Como o título de Graduado/a en enfermería pola Uvigo é presencial e habilita para o exercicio dunha profesión regulada, no relativo ás prácticas clínicas, considérase imprescindible a formación presencial nos centros sanitarios de referencia. A realización de prácticas clínicas presenciais é un condicionante para que poidan ser avaliadas. As prácticas clínicas son de obrigado cumprimento na súa totalidade. Existe a disposición do estudiantado unha guía de prácticas clínicas aprobada pola Xunta de Centro cuxo contido é de obrigada lectura e cumprimento polo estudiantado e que pode consultar na plataforma de teledocencia Faitic e na páxina web.

Seminario	<p>Actividade académica dos profesores que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado a través de entrevistas que o/a alumno/a, de maneira individual ou grupal, mantén co profesorado para asesoramento, apoio e incidentes que poidan producirse das actividades da materia prácticas clínicas III e do proceso de aprendizaxe. Esta actividade levará a cabo:</p> <p>1. Realización de 3 tutorías grupales sobre o desenvolvemento adecuado das prácticas clínicas, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe de face ás probas de avaliación. Explicaráselles o funcionamento do portafolio como rexistro da actividade e ferramenta de autoevaluación do alumnado, a súa utilización nas tutorías para o seguimento da actividade levada a cabo na institución sanitaria e como base, xa que nel constan os requisitos necesarios para a elaboración e redacción da memoria que ten presentar o/a estudante. Así mesmo, comunicaráselles e explicará o sistema que levará a cabo para a avaliación das probas de simulación enfermeira, baseadas en casos prácticos desenvolvidos baixo as taxonomías NANDA-NOC-NIC.</p> <p>2. Tutoría individual ou en pequenos grupos: de forma presencial no horario establecido ao finalizar as tutorías grupais ou a petición expresa do alumno/a, ou non presencial a través dun correo electrónico exclusivo e a disposición permanente do alumnado durante as prácticas clínicas: practicasenfermeria@gmail.com</p>
-----------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Atención personalizada coa finalidade de atender as necesidades e consultas do/a alumno/a, de forma individual ou en pequeno grupo, relacionadas co desenvolvemento das prácticas clínicas, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Pode realizarse de forma presencial, ou non presencial, a través do correo electrónico
Probas	Descrición
Observación sistemática	Atención personalizada coa finalidade de atender as necesidades e consultas do/a alumno/a, de forma individual ou en pequeno grupo, relacionadas co desenvolvemento das prácticas clínicas, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Pode realizarse de forma presencial, ou non presencial, a través do correo electrónico.
Cartafol/dossier	Atención personalizada coa finalidade de atender as necesidades e consultas do/a alumno/a, de forma individual ou en pequeno grupo, relacionadas co desenvolvemento das prácticas clínicas, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Pode realizarse de forma presencial, ou non presencial, a través do correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Seminario	<p>As tutorías grupales programadas para os días</p> <p>29 de xaneiro do 2024 ás 10.00h</p> <p>15 de marzo do 2024 ás 10.00h</p> <p>12 de abril do 2024 ás 10.00h</p> <p>son obrigatorias xa que, entre outros, nelas préstase o soporte necesario para que o alumnado, a partir do portafolio, poida cumprir adecuadamente cos requisitos da avaliación da memoria que ten que presentar ao finalizar o período de prácticas. Por cada ausencia cóntaselle un día de prácticas a recuperar e descóntaselle, 0.2 puntos na avaliación da memoria.</p>	6	A1	D2 D8 D9

Observación sistemática	Como parte da avaliación da actividade levada a cabo polo alumno/a na institución sanitaria, a observación sistemática realizarase para a avaliación continuada coa observación directa, que se desenvolve mediante un seguimento personalizado do estudante a través do/a supervisor/a, dos/os enfermeiros/os asistenciais colaboradores de prácticas clínicas onde realiza as súas actividades formativas, e dos profesores da materia. Para a emisión do informe, utilízase a ficha para a observación sistemática remitida pola escola, onde se recollen os resultados esperados na avaliación das competencias: coñecementos, habilidades, actitudes e aptitudes a través do grao na consecución dos resultados de aprendizaxe do estudante. Para iso, os/as evaluadores/as, no centro, existe un documento de apoio accesible desde a páxina web, acceso: http://www.enfermeria.depo.es/practicas-clinicas coa información necesaria para dotalos dunha ferramenta idónea que facilite a aplicación dos criterios de avaliación de maneira obxectiva, en función das intervencións NIC e do modelo das 14 necesidades básicas de V. Henderson, de maneira que poidan consultar e aplicar na avaliación uno ou outro modelo indistintamente. Ten que ser superada co 50% do seu valor.	45	A1B1 C4 D1 A2B2 C8 D2 A3B3 C10D3 A4B4 C11D4 A5B5 C12D5 B6 C13D6 B7 C15D7 B8 C17D8 B9 C18D9 B10C19D10 B11C22D11 B12C23 B13C24 B14C25 B15C26 B16C29 B17C31 B18C33 C35 C36 C37 C49 C50
Simulación ou Role Playing	Avaliación da actividade levada a cabo polo alumno/a na institución sanitaria: nas probas de simulación enfermeira baseadas na aplicación de coidados baixo a taxonomía NANDA, NOC, NIC, o/a estudante, na data establecida 26 de abril do 2024 as 10.00h e ás 16.30h (1ª oportunidade) e 5 e 9 de xullo de 2024 ás 10.00 e 16.30 (2ª oportunidade), realizará unha proba práctica obrigatoria como requisito indispensable para a superación da materia. De non aprobar esta proba co 50% do seu valor, non se poderán sumar as outras probas avaliadas. Proba que se realizará na aula de simulación para avaliar o grao na adquisición das competencias que o/a estudante necesariamente debe adquirir. Como condición previa necesaria para superar a proba establece que o alumnado presentará no prazo establecido o traballo indicado polo equipo docente relacionado coa taxonomía NANDA, NOC, NIC.	25	A1B1 C4 D1 A2B2 C8 D2 A3B3 C10D3 A4B4 C11D4 A5B5 C12D5 B6 C13D6 B7 C15D7 B8 C17D8 B9 C18D9 B10C19D10 B11C22D11 B12C23 B13C24 B14C25 B15C26 B16C29 B17C31 B18C33 C35 C36 C37 C49 C50
Cartafol/dossier	Documento de autoevaluación no que a/o estudante rexistra, seguindo as normas reflectidas no documento, a relación co usuario, a integración no equipo de traballo, anotando as intervencións e procedementos realizados, valora os seus logros e determina os factores que poden influír na súa actuación. Avaliarase a coherencia. A súa elaboración é obrigatoria como parte da avaliación da memoria. Data de entrega: até o día 3 de maio 2024 ás 14.00h. Non se recollerá ningún cartafol despois de data de fin de entrega.	4	D1 D3 D4 D5 D6 D7 D8
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Elaboración, obrigatoria, por parte do/a alumno/a, dun documento no que se reflicten os resultados obtidos, observacións, análises e reflexións sobre a súa experiencia práctica nos servizos especiais, atención especializada e atención primaria que xunto coa calidade do documento presentado e a cumplimentación das normas de estrutura e estilo recollidas no seu cartafol, constitúen os criterios de avaliación. Data de entrega: até o día 3 de maio 2024 ás 14.00h Non se recollerá ningunha memoria superada dita data.	20	A3 D1 D2 D3 D7 D8

Outros comentarios sobre a Avaliación

A guía de prácticas clínicas recolle os procedementos, normas e instrucións que lle afectan directamente a esta materia, polo que é obrigatorio o seu coñecemento. Todo o alumnado, antes do inicio das prácticas clínicas, debe asinar o documento de confidencialidade incluído no protocolo; Pautas básicas para asegurar e protexer o dereito a intimidade do paciente polo alumnado e residentes en Ciencias da Saúde. Si o/a estudante non presenta a memoria e o cartafol nas datas establecidas na primeira oportunidade, suspenderá as prácticas, e deberá esperar até a apertura do período de avaliación da segunda oportunidade para presentalo, para que o/a alumna/póidao ser avaliado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

T. Heather Herdman, PhD, RN, **Diagnósticos enfermeros NANDA Internacional. Definiciones y Clasificación 2018-2020**, 11 Edición Elsevier,

Moorhead, Sue; Johnson, Marion, L. Mas., **Clasificación de Resultados de Enfermería (NOC)**, 6ª Edición Elsevier,

Gloria M. Bulechek et.al. editores, **Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC)**, 7ª Edición Elsevier,

Bibliografía Complementaria

Bibiosáude- Recursos destacados, http://www.sergas.es/MostrarContidos_N2_T01.aspx?IdPaxina=66671,

Bibiosaude- recursos destacados, http://www.sergas.es/MostrarContidos_N2_T01.aspx?IdPaxina=60667,

Mª Teresa Luis Rodrigo, **Los diagnósticos enfermeros. Revisión crítica y guía práctica**, 8ª Edición Elsevier,

Johnson, Marion et.al. editores, **Vinculos de NOC y NIC a NANDA I y diagnósticos médicos. Interrelaciones NANDA, NOC y NIC**, 3ª Edición Elsevier,

Kozier, Barbara et. al. editores, **Técnicas de Enfermería I y II**, 4ª Edición MC Graw-Hill-Interamericana,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas clínicas IV/P51G140V01405

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría en saúde mental/P51G140V01305

Enfermaría xeriátrica e cuidados paliativos/P51G140V01304

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/P51G140V01101

Bioquímica: Bioquímica/P51G140V01103

Enfermaría comunitaria I/P51G140V01104

Estatística: Estatística/P51G140V01106

Fisioloxía: Fisioloxía/P51G140V01105

Fundamentos de enfermaría/P51G140V01107

Idioma moderno: Inglés técnico/P51G140V01108

Psicoloxía: Psicoloxía/P51G140V01102

Enfermaría clínica I/P51G140V01204

Enfermaría clínica II/P51G140V01205

Enfermaría comunitaria II/P51G140V01206

Ética e lexislación/P51G140V01202

Farmacoloxía e dietética/P51G140V01203

Xestión de enfermaría/P51G140V01207

Introdución á enfermaría clínica/P51G140V01201

Prácticas clínicas I/P51G140V01208

Enfermaría clínica III/P51G140V01301

Enfermaría materno-infantil/P51G140V01302

Prácticas clínicas II/P51G140V01303